

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 21 de maio de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

10.- Acordar, se procede, a prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 4 Licenzas Oracle. (Expte. 2020006196)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (7 votos a favor), acordou:

1.- Acordar a prórroga do contrato de subministración e renovación de diversas licenzas de software do Concello de Ourense - Lote 4 Licenzas Oracle, adxudicado a ASAC COMUNICACIONES, SL (NIF: B33490426), na data 07/03/2019, nas seguintes condicións:

- Prazo da prórroga: 1 ano (dende o 10 de abril de 2021 ata o 9 de abril de 2022).
- Prezo: 7.898,88 €, dos que 6.528,00 € corresponden ao principal e 1.370,88 ao IVE.

2.- Aprobar o compromiso de gasto, por importe de 7.898,88 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias e a distribución por anualidades seguintes:

Anualidade	Importe	Aplicación orzamentaria	RC/RC fut
2021:	7.898,88 €	130.9202.21610	202000009612

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros (2021) se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

José Miguel Caride Domínguez

